
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2010/61-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓNS
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

Especies	Ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa fina (<i>R. decussatus</i>), ameixa rubia (<i>V.rhomboides</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), carneiro (<i>V.verrucosa</i>) e reloxo (<i>D.exoleta</i>).
Ambito do plan	Dende rego do Alcalde a punta Tragove, dende punta Borrón e peirao de Cambados ata punta Borrelo.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	120	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Ver consideracions
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	50										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	: xaneiro, de abril a xuño e decembro.										
Modalidade⁽³⁾	: A flote										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X			X	X	X						X

Topes de captura		
Especies	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa babosa	12 kg	4 kg
Ameixa rubia	6 kg	2 kg
Berberecho	30 kg	10 kg
Reló	Determinarase na resolución de apertura	
Ameixa fina	3 kg	1 kg
Ameixa bicuda	3 kg	1 kg
Ameixa xaponesa	9 kg	3 kg
Carneiro	6 kg	2 kg

Artes a empregar	Raño cunha separación entre varillas de 17 mm.
-------------------------	--

Puntos de control	Embarcación de vixilancia na zona de traballo, batea e lonxa de Tragove
Puntos de venda	Lonxa de Tragove

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: De Boca das Pozas a Galiñeiro.												
Especies: ameixa babosa e ameixa fina (cedida ao marisqueo a pé)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Boca das Pozas												
Especies: ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Lombo da Toxa, Casa da Toxa, Boca das Pozas												
Especies: ameixa babosa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Boca das Pozas, Lombo da Toxa e Casa da Toxa												
Especies: ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: zona de produción. Empregaranse rastros de vieira para arados e limpezas.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												
Control de depredadores (<i>Nassarius spp.</i> e <i>Atelecyclus spp.</i>) empregando nasas baixo condicións.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Segundo os datos da Consellería do Mar son 120 as embarcacións coa arte de marisqueo (Z3) asociadas á confraría de Cambados. No listado de embarcacións incluídas no plan advírtese que:

-
-
-

Ampliación: proponse o incremento en 1 do número de embarcacións. Con respecto á proposta de ampliación, cómpre advertir que de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Orde de 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, *dado o esforzo pesqueiro existente na actualidade sobre as diversas especies de moluscos bivalvos, non se poderán incrementar, ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, cos que habitualmente se ven exercendo o marisqueo dende embarcación.* O outorgamento da arte de marisqueo Z3 á embarcación que ten a arte de libre marisqueo (Z3), co cal non se aplicaría a disposición transitoria mencionada. Sen embargo, na confraría de Cambados hai 4 embarcacións que contan coa arte de libre marisqueo (Z3).

Calendario: á vista da evolución deste plan de explotación considérase conveniente manter en 50 o número máximo de días de extracción dada situación dos bancos e a deficiente información achegada no que respecta a berberecho



Artes a empregar: acéptase como arte autorizada o rastro cunha separación entre varillas de 17 mm, por ter unhas medidas mais restritivas que o contemplado no Decreto 424/1993, de 17 de decembro.

Puntos de control: o punto de control é paso obrigado para todos os participantes no plan de explotación.

Accións de semicultivo: práctica do control de depredadores mediante o emprego de nasas é habitual na zona de O Galiñeiro, sen embargo nunca foi autorizada para este plan. A metodoloxía a empregar non está suficientemente explicada, polo que para que estas accións podan valorarse, a petición que realicen deberá xustificar as actuacións a realizar, detallar a metodoloxía de traballo e indicar o destino dos depredadores.

Cando se pretenda realizar a inmersión de semente de moluscos bivalvos dende a batea de preengorde á zona de engorde (praia) deberán solicitar ao departamento territorial o correspondente documento de transporte e permiso de inmersión.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, seguindo as instrucións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Os datos deberán ser remitidos de forma diferenciada segundo a súa procedencia: autorizacións e zonas de libre marisqueo (sometidas a plan específico), polo que deberá implantarse algún mecanismo que permita diferenciar as capturas.

Normas do plan:

Acéptase a proposta de establecer o número de tripulantes/barco con dereito a cupo nas zonas máis produtivas, en función da súa actividade nas zonas de libre marisqueo.

Sen embargo, cómpre advertir da dudosa legalidade do acordo de limitar a posibilidade de ser tripulante aos socios da agrupación de mariscadores, xa que impide a un armador (empresario) a liberdade para contratar a quen estime oportuno. En calquera caso, as persoas afectadas poderían recorrer á vía xudicial.

Con respecto ao apartado de inobservancia das normas do plan de explotación recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó regulamento de réxime interior da agrupación e se as medidas cautelares son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para mellora do plan

- Indicar a organización do punto de control, así como dos traballos de semicultivo previstos.
- Detallar o plan financeiro